



NOTIFICACIÓN

| | | |
|-------------------|--|--|
| Expediente | 2019120928 | |
| Asunto | Selección persoal laboral para a inserción laboral (PIE) | |

Con data de 27/11/2019 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 15/11/2019 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia se concedeu ao Concello de Ferrol unha subvención para a posta en funcionamento do programa integrado de emprego 2019/2020. Este proxecto contempla a contratación de persoal técnico para a titorización e inserción laboral das persoas desempregadas beneficiarias do mesmo, concretamente, dun/dunha formador/a-titor/a de empresas, dun/dunha educador/a social e dun/dunha orientador/a profesional para a inserción.

A concellería da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi achega ao departamento de Recursos Humanos un escrito que di como segue:

“Proxecto: *“Progama Integrado de Emprego do Concello de Ferrol 2019/20”*

Asunto: *Procedemento de contratación de 3 técnicos*

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria emitiu unha resolución polo que outorga ao Concello de Ferrol unha subvención para a posta en funcionamento do “Progama Integrado de Emprego do Concello de Ferrol 2019/20”:

Expediente: *TR332A 2019/18*

Denominación: *“Progama Integrado de Emprego do Concello de Ferrol 2019/20”*

Número de participantes: *100 persoas beneficiarios*

Período de execución:

Selección de alumnado: até o 19 de decembro de 2019

Inicio das actuacións co alumnado: 20 decembro de 2019

Finalización das actuacións e proxecto: 20 de outubro de 2020

Para poder iniciar o programa, cómpre ter seleccionado íntegramente a totalidade de 100 alumnos/as beneficiarios do proxecto.

A selección dos participantes realizarase, en colaboración co oficina de emprego Ferrol-Centro, que remitirá relación de persoas candidatas que teñan solicitado na súa demanda o servizo de “Programas experimentais” (930) con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 e que cumpran cos colectivos e delimitación territorial que constan na resolución.

Para o desenvolvemento das accións do programa é necesario contar cun equipo técnico específico xa que o Concello de Ferrol non dispón de técnicos propios suficientes para desenvolver os contidos do programa aprobado e acadar os obxectivos propostos:

- *A execución do proxecto:*
 - *Atención continuada de 100 persoas*
 - *Comezar as accións ao día seguinte á data de remate de selección (20 decembro de 2019)*

- *Compromiso de contratación: 40%*

A contratación de persoal de forma específica para o desenvolvemento das accións do programa é un gasto imputable ao proxecto de conformidade co establecido no art. 14.1 a) da Orde do 7 de xuño de 2019 (DOG núm. 16 do 20 de xuño de 2019) e terá:

- *Carácter laboral*
- *Indicarase a porcentaxe de xornada imputada*
- *Figuraré expresamente a vinculación da persoa ao desenvolvemento das accións do programa constando no contrato o texto:*
 - *“(categoría) no ámbito do desenvolvemento das accións do programa integrado de emprego 2019-2020”* Á vista das necesidades do proxecto o persoal técnico a contratar sería:
- ***1 orientador/a profesional para a inserción***
 - *Nivel licenciado ou grao (A1)*
 - *xornada completa: 100% da xornada*
 - *período de contratación: dende o 20 de decembro 2019 até o 20 de outubro de 2020*
 - *Contrato por obra o u servizo*
- ***1 formador/a - titor/a de empresas***
 - *nivel licenciado ou grao (A1)*
 - *xornada parcial: 100% da xornada*
 - *período de contratación: dende o 20 de decembro 2019 até o 20 de outubro de 2020*
 - *Contrato por obra o u servizo*
- ***1 educador/a social***
 - *Nivel diplomado (A2)*
 - *xornada parcial: 75% da xornada*
 - *período de contratación: dende o 20 de decembro 2019 até o 20 de outubro de 2020*
 - *Contrato por obra o u servizo*

Tralo exposto, SOLICÍTASE proceder á contratación dos 3 técnicos tendo en conta as seguintes características:

1º.- Que dende a Concellería de Emprego se procederá a efectuar a correspondente oferta de Emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (oficina Ferrol-Centro) para garantir os prazos de contratación que marca a Consellería.

2º.- A Xeración de Crédito para a contratación do persoal técnico atópase en fase de tramitación: achegarase copia dende o negociado de Empleo (encargado da solicitude).

3º.- A proposta para o desenvolvemento do proceso de selección, tendo en conta a natureza do programa é a seguinte:

1º.- Proba escrita (máximo 10 puntos)

- *10 preguntas cortas sobre cuestións xerais do Programas Integrados e sobre o proxecto do Concello de Ferrol que estará colgado na web municipal para a súa consulta.*
- *Proba eliminatoria: superar o 60% das preguntas*

2º.- Entrevista persoal (máximo 2 puntos)

- *Na entrevista valoraranse os coñecementos das políticas activas de emprego e os coñecementos dos programas integrados de emprego.*
- *Non eliminatoria*

3º.- Valoración curricular de cada posto, segundo a seguinte proposta (máximo 8 puntos):

POSTO: ORIENTADOR/A PROFESIONAL PARA A INSERCIÓN

A) Fase de valoración curricular (máximo 8 puntos)

- ***Formación (máximo 3 puntos):***
 - *Cursos relacionados coa docencia: 0,2 puntos por cada 20 horas*
 - *Cursos relacionados coa xestión de persoas, inserción e orientación laboral : 0,1 puntos por cada 20 horas.*
- ***Experiencia profesional (máximo 5 puntos)***
 - *Directamente relacionada coa ocupación (técnico/a-titor/a de proxectos de inserción laboral): 0,2 puntos por cada mes*
 - *Indirectamente relacionada coa ocupación, en tarefas/postos relacionados co emprego: 0,1 puntos por cada mes*

POSTO: EDUCADOR/A SOCIAL

A) Fase de valoración curricular (máximo 8 puntos)

- Formación (máximo 3 puntos):
 - Cursos relacionados coa docencia: 0,2 puntos por cada 20 horas
 - Cursos relacionados con outras funcións a desenvolver (xestión de persoas, acompañamento, tutoría, orientación socio-laboral, inserción): 0,1 puntos por cada 20 horas.
- Experiencia profesional (máximo 5 puntos)
 - Directamente relacionada coas tarefas/funcións a desenvolver (xestión de persoas, inserción, orientación socio-laboral, acompañamento e tutoría): 0,2 puntos por cada mes
 - Indirectamente relacionada coa ocupación: 0,1 puntos por cada mes

POSTO: FORMADOR/A-TITOR/A DE EMPRESA

A) Fase de valoración curricular (máximo 8 puntos)

- Formación (máximo 3 puntos):
 - Cursos relacionados coas funcións a desenvolver (xestión de proxectos, prospección de empresas, intermediación laboral con empresas, formación): 0,2 puntos por cada 20 horas.
- Experiencia profesional (máximo 5 puntos)
 - Directamente relacionada coas tarefas/funcións a desenvolver (xestión de proxectos, prospección de empresas, intermediación laboral con empresas, formación): 0,2 puntos por cada mes
 - Indirectamente relacionada coa ocupación: 0,1 puntos por cada mes”

Para a selección de persoal laboral ao servizo da Administración Pública, ademais dos principios que rexen a contratación laboral, están os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso, e se ben non está previsto procedemento ningún para a súa selección, dado o carácter temporal do vínculo e a urxencia da contratación, presuponse sobre os mesmos a axilidade e a rapidez na selección.

Neste sentido a Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (de aplicación supletoria á Administración Local) no seu artigo Terceiro apartado Cuarto establece que: “Por razóns de prazos o de dificultad para captar candidatos, podrá recurrirse, con carácter excepcional, a los servicios públicos de empleo para realizar la preselección.”

Na selección que nos ocupa, segundo a información facilitada dende a concellería da área o período de contratación do persoal técnico se estenderá dende a data de sinatura do contrato ata o 20/10/2020.

Consta no expediente informe da xefatura de Sección de data 14/11/2019.

Polo exposto, proponse a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción das seguintes resolucións:

Primeiro. *Efectuar as correspondentes Ofertas de Emprego ao Servizo Público de Emprego.*

Segundo. *Designar como membros integrantes da comisión avaliadora que, con base á preselección do Servizo Público de Emprego, procederá á selección final de aspirantes para o fin de efectuar os correspondentes contratos, ás persoas que de seguido se citan:*

- *Presidenta: Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultura e Turística*
- *Suplente: Dolores Ameneiro Pena xefa de negociado de Cultura*
- *Secretario: Leopoldo Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol*
- *Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol*
- Vogais:*
 - *Ana Alonso Yañez, xefa do Negociado de Emprego*
 - *Suplente: Paola Doce Vergara, oficial administrativa do Negociado de Emprego*
 - *Laura López González, xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude*
 - *Suplente: Fernando Castro Díaz, oficial administrativo no Negociado de Recursos Humanos*

- *Asesora: Mayte Alonso Novo, Técnica de Emprego*
- *Suplente: Manuel Naveiro Rodríguez*

Terceiro. *Desenvolver o proceso de selección de acordo coa proposta transcrita.*

Non obstante, vostede resolverá.“

Examinada asimesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.*”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral